



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Reunión da Mesa de Seguimento do Acordo de Medidas Organizativas: reclasificacións**

Tivemos reunión en Madrid para realizar o seguimento do Acordo de Medidas Organizativas da AEAT onde se nos facilitaron por parte da Administración, os datos relativos á segunda fase, que foron as reclasificacións do pasado 1 de marzo de 2019.

Así, a AEAT facilitounos unha serie de cadros onde se poden ver as distintas posicións retributivas do persoal da Axencia, antes e despois destas reclasificacións, que afectou a máis de 11.500 traballadores.

Aínda que esta reunión era meramente para facilitar esta información, a representación da **CIG** comentou unha serie de desaxustes relativos á aplicación do acordo:

- Hai que buscar unha solución para os compañeiros que promocionaron durante o período transitorio do Acordo e, en especial, aos que tomaron posesión desde o 2014. Non é de recibo que, aplicando o Acordo, lles compensara non promocionar. Pedimos que a cada un se lle ubique no tramo que lle corresponda de acordo coa súa antigüidade
- Débese solucionar o caso do persoal que levou praza por panel antes do Acordo de mobilidade de 30/10/2014 e perderon retribucións. A moitos deles obrigouselles a participar a un concurso e perderon tempo de permanencia no tramo que lles correspondía, tempo que agora é vital e os coloca en situación peor que aos compañeiros da súa promoción.
- Solicitamos a adecuación dos complementos específicos. Na Administración Xeral do Estado o complemento mínimo é de 4.152,82 euros. Tendo en conta que, na AEAT, hai complementos por debaixo desa cantidade, entendemos que se deben adecuar coa suba proporcional correspondente.



Confederación Intersindical Galega

- Queremos poñer en valor o Acordo de Carreira Administrativa. É importante que se fagan todos os esforzos posibles para que se sigan realizando as reclasificacións e aplicando o acordo máis aló de setembro de 2019. Pedimos que desde a Dirección da AEAT se traslade onde corresponda para que legalmente se habilite a aplicación do Acordo e non que queden estas reclasificacións como algo “excepcional”
- Pedimos que se estuden determinadas situacións, co fin de que non se vexan perxudicados na súas reclasificacións, como as dos compañeiros que promocionaron a Axentes e, por estar destinados en pequenas Administracións de Galicia, tiveron que coller a excedencia como Auxiliares e non conseguiron reingresar ata varios anos despois.
- Hai que comezar canto antes co estudo da carreira vertical, coa negociación das bases dos concursos e estudo das necesidades nas Delegacións Especiais dos postos de carreira vertical.

A AEAT tomou nota das nosas peticións, incidindo especialmente en que todas as decisións respecto ás anomalías do acordo miraranse unha vez rematadas as reclasificacións (despois do 1 de setembro), momento no que xa teremos o encadramento final de todo o persoal da Axencia. Tamén comentou a importancia de conseguir a reactivación do Acordo de Carreira pero hai que ter en conta que legalmente, polas Leis de Presupostos do Estado non están permitidas as subas salariais por riba do establecido en Función Pública. Por iso, o único xeito de que fosen viables as reclasificacións foi mediante a vía da reorganización da AEAT, que é no que estamos neste momento e que esperamos, non se quede aquí.

Unha vez rematada a terceira fase das reclasificacións teremos a reunión da seguinte mesa de seguimento, onde esperamos se tomen decisións para solucionar todas as cuestións pendentes que expuxemos na reunión de hoxe.